



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

www.cig-ensino.org

cig-ensino-gz@cig-ensino.org

Secretaría Nacional

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, nº 10, 1º

15703-SANTIAGO

Tlfno.: 981-576800

Fax: 981-575839

Correo electrónico: galiza@cig-ensino.com

DECLARACIÓN EN DEFENSA DA ÁREA DE TECNOLOXÍA

A organización sindical CIG-ENSINO, abaixo asinante, quere facer constar o seu apoio á Asociación do Profesorado de Tecnoloxía de Galicia, APETEGA, (Asociación integrada en la PLATAFORMA ESTATAL DE ASOCIACIONES DEL PROFESORADO DE TECNOLOGIA), unha vez analizadas as consecuencias que a nivel laboral e educativo suporá a aplicación do borrador do Real Decreto sobre ensinanzas mínimas proposto polo Ministerio de Educación (MEC). Deste xeito, conséntase que na área de Tecnoloxía:

Incúmptense por parte do MEC as promesas feitas á PLATAFORMA ESTATAL DE ASOCIACIÓNS DO PROFESORADO DE TECNOLOXÍA, referidas á reorganización das materias que se imparten en cada un dos cursos sen reducir o total de horas que se lles asignan na actualidade. No caso de Tecnoloxía pásase de 195 horas nos tres primeiros cursos da ESO a 140, o que fai un total de -55. E en 4º de ESO pásase de 85 a 70 o que fai un total de -15. Isto supón na práctica unha redución de carga horaria de aproximadamente o 30% co conseguinte perigo de **desprazamentos e supresións** de prazas para os funcionarios e a **perda de postos de traballo** para o profesorado interino. Agravándose a situación no caso de Galicia xa que na actualidade impártense un total de 295h (210 de 1º a 3º da ESO + 85 en 4º da ESO) co que alcanzaríamos un **40% DE REDUCCIÓN HORARIA**.

1. A aplicación do mencionado decreto suporía un grave deterioro da educación básica en Tecnoloxía, polo feito de eliminar do currículo común obrigatorio contidos de máxima vixencia e relevancia na actual sociedade de información. Todo isto contradí a necesidade tantas veces manifestada a nivel político e social de avanzar en innovación e desenvolvemento.
2. É por iso que a nosa organización sindical acorda manifestar o seu apoio á Asociación de Profesorado de Tecnoloxía de Galicia para que o MEC manteña a carga horaria da área de Tecnoloxía tal e como se establece na actualidade e solicita da Consellaría de Educación que defenda perante o MEC esta posición.

Santiago, 22 de novembro de 2006

asdo.Anxo Louzao Rodríguez
Secretario Nacional da CIG-Ensino